




Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

**CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE ALUMNADO SÉNIOR
PARTICIPANTE NO INTERCAMBIO ACADÉMICO
ENTRE A UNIVERSIDADE SÉNIOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA E
A UNIVERSITAT SÈNIOR DA
UNIVERSITAT POLITÈCNICA DE VALÈNCIA**

CURSO ACADÉMICO 2025/2026

Código Seguro De Verificación	2ymPhlpXmkghyHF0KlVI+A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	20/01/2026 12:57:43	
Observacións		Páxina	1/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2ymPhlpXmkghyHF0KlVI%2BA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

ARTIGO 1. DISPOSICIÓN XERAIS

Os programas universitarios para persoas maiores da Universidade da Coruña e da Universitat Politècnica de València organizan unha nova edición do Intercambio Académico, que se vén desenvolvendo de maneira continuada desde o curso académico 2016-2017.

No curso académico 2025/2026, o intercambio realizarase na cidade de València, onde a Universitat Sènior da UPV actuará como universidade anfitriona. A mobilidade terá lugar entre os días **11 e 15 de maio de 2026**.

ARTIGO 2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderá solicitar a súa participación no proceso de selección o alumnado matriculado na Universidade Sènior da Universidade da Coruña no curso académico 2025/2026, pertencente a algún dos seguintes programas:

- a) Grao Sènior da Universidade da Coruña.
- b) Programas de Formación Específica
- c) Actividades Complementarias (exclusivamente Talleres).

ARTIGO 3. SOLICITUDE E ADMISIÓN NO INTERCAMBIO

As persoas que cumpran os requisitos establecidos poderán solicitar a súa participación no prazo e forma indicados no Anexo da presente convocatoria.

3.1. Proceso de admisión

O calendario e procedemento do proceso de admisión publicaranse na páxina web da Universidade Sènior da UDC (véxase Anexo).

3.2. Adxudicación de prazas


No caso de que o número de solicitudes supere o de prazas ofertadas, a selección realizarase atendendo aos seguintes criterios de prioridade:

1. Terán preferencia as persoas que non participasen en intercambios académicos interuniversitarios anteriores.
2. Terase en conta a participación previa en tarefas de acollemento de alumnado visitante en intercambios anteriores celebrados na UDC.

De persistir situacións de empate, procederase á realización dun sorteo público, segundo o indicado no Anexo.

O resultado do proceso publicarse na web da Universidade Sènior.

Convocatoria de admisión e participación en Intercambios Académicos da Universidade Sènior da UDC

Código Seguro De Verificación	2ymPhlpXmkghyHF0K1VI+A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	20/01/2026 12:57:43	
Observacións		Páxina	2/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2ymPhlpXmkghyHF0K1VI%2BA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

3.3. Procedemento administrativo

3.3.1. Presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse nos prazos establecidos pola Comisión Académica, a través dos medios habilitados para tal fin (véxase Anexo).

3.3.2. Resolución da admisión

A resolución do proceso comunicárase por correo electrónico ás persoas solicitantes. Así mesmo, as listaxes de alumnado admitido e en lista de agarda publicáranse na web da Universidade Sénior.

3.3.3. Confirmación da participación

As persoas admitidas deberán confirmar a súa participación no prazo que se indique na comunicación da admisión, mediante a presentación da documentación requirida. A falta de confirmación no prazo establecido entenderase como renuncia á praza, que será ofrecida ás persoas en lista de agarda segundo a orde de prelación.

ARTIGO 4. NÚMERO DE PRAZAS E DISTRIBUCIÓN POR SEDES

O número total de prazas ofertadas para a participación no Intercambio Académico coa Universitat Sènior da Universitat Politècnica de València no curso académico 2025/2026 será de 12 prazas.

Co obxectivo de garantir un reparto equilibrado e proporcional á distribución do alumnado da Universidade Sénior da UDC, as prazas asignaranse do seguinte xeito:

- Sede da Coruña: 8 prazas
- Sede de Ferrol: 4 prazas

No caso de que algunha das prazas non se cubra nunha das sedes, estas poderán ser reasignadas á outra sede, respectando en todo caso a orde de prelación establecida no proceso de selección.


ARTIGO 5. CONDICIÓN ECONÓMICAS DA PARTICIPACIÓN

A Universidade Sénior da Universidade da Coruña asumirá a organización do intercambio e financiará o aloxamento do alumnado participante durante a súa estada en València, nos termos establecidos pola universidade anfitroia.

Será por conta do alumnado participante:

- O custo da viaxe de ida e volta entre A Coruña e València.
- Os gastos de manutención durante o período do intercambio.
- Calquera outro gasto persoal non incluído expresamente na organización do programa.

Convocatoria de admisión e participación en Intercambios Académicos da Universidade Sénior da UDC


Código Seguro De Verificación	2ymPhlpXmkghyHF0K1VI+A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	20/01/2026 12:57:43	
Observacións		Páxina	3/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2ymPhlpXmkghyHF0K1VI%2BA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

ARTIGO 6. PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DO INTERCAMBIO

Os intercambios académicos constitúen unha actividade de carácter académico e institucional. A participación implica a asistencia obrigatoria a todas as actividades incluídas no programa, tanto ás sesións preparatorias que se realicen na UDC como ás actividades académicas, culturais e institucionais desenvolvidas durante a estadía en València, salvo causa debidamente xustificada.

Así mesmo, o alumnado participante autoriza a captación de imaxes e vídeos durante o desenvolvemento das actividades, coa finalidade de difundir o programa a través da web institucional, redes sociais, notas de prensa, memorias e outros medios de comunicación da Universidade Sénior da UDC e da Universitat Sènior da UPV.

Convocatoria de admisión e participación en Intercambios Académicos da Universidade Sénior da UDC

Código Seguro De Verificación	2ymPhlpXmkghyHF0K1VI+A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	20/01/2026 12:57:43	
Observacións		Páxina	4/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2ymPhlpXmkghyHF0K1VI%2BA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

ANEXO

**INTERCAMBIO ACADÉMICO
COA UNIVERSITAT SÈNIOR – UNIVERSITAT
POLITÈCNICA DE VALÈNCIA
CURSO ACADÉMICO 2025/26**

CALENDARIO


SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- **Presentación mediante formulario electrónico (disponible na páxina web da Universidade Sénior da UDC):** do 26 de xaneiro ao 11 de febreiro, ás 12:00
- **Sorteo público (se procede):** 12 de febreiro, ás 12:00 h.
- **Comunicación ás persoas interesadas e publicación de listaxes de admisión e agarda:** 13 de febreiro, ás 12:00 h.

ADMISIÓN E CONFIRMACIÓN DA PARTICIPACIÓN

Ata o 13 de marzo, ás 12:00 h.

Convocatoria de admisión e participación en Intercambios Académicos da Universidade Sénior da UDC

Código Seguro De Verificación	2ymPhlpXmkghyHF0K1VI+A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	20/01/2026 12:57:43	
Observacións		Páxina	5/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2ymPhlpXmkghyHF0K1VI%2BA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

RESOLVO publicar a convocatoria de admisión e participación no Intercambio Académico da Universidade Sénior da Universidade da Coruña (UDC) coa Universitat Sènior da Universitat Politècnica de València (UPV).


Asinado dixitalmente

Moisés Canle López

Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización
Universidade da Coruña

Convocatoria de admisión e participación en Intercambios Académicos da Universidade Sénior da UDC

6

Código Seguro De Verificación	2ymPhlpXmkghyHF0KlVI+A==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización - Moisés Canle López	Asinado	20/01/2026 12:57:43	
Observacións		Páxina	6/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2ymPhlpXmkghyHF0KlVI%2BA%3D%3D			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			